



RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO

As retribucións dos membros directivos de Xunta de Goberno e Directivas engloban os seguintes conceptos:

Dedicación

Contía fixa establecida por Xunta de Goberno para decano, tesoureiro, secretario, vocais e xuntas directivas das delegacións correspondente á dedicación por desempeño das tarefas propias do seu cargo. Será a xunta directiva de cada delegación quen indique a repartición da asignación entre os seus directivos.

Decana/o	24.000 €	XD CO	22.000 €
Tesoureira	17.000 €	XD LU	19.000 €
Secretaria	17.000 €	XD OU	19.000 €
Vogal 1	6.600 €	XD PO	19.000 €
Vogal 2	6.600 €	XD VI	22.000 €
Vogal 3	6.600 €	XD SA	19.000 €
Vogal CO	6.600 €	XD FE	19.000 €
Vogal VI	6.600 €		

Asistencia a reunións

Abonarase en concepto de asistencia a reunións os importes que se indican para os seguintes casos:

- Asistencia a Xuntas de Goberno:
 - Telemático: 50 €.
 - Santiago: 65 €.
 - A Coruña e Pontevedra: 85 €.
 - Lugo, Ourense, Vigo e Ferrol: 95 €.
- Por representación do COAG por encargo do Decano/a: 60 €.
- Por asistencia á asemblea xeral do CSCAE: 120 €.
- Comisións: estímase unha contía de 1.000 € por comisión e un total de 6 ao ano.

Nos seguintes casos aplicaranse os seguintes criterios:

- Reunións Xuntas Directivas (XD): Vai no cargo, dentro do concepto de dedicación.
- Actividades de delegación: Vai no cargo, dentro do concepto de dedicación.
- Reunións coordinación secretarios/tesoureiros: Vai no cargo, dentro do concepto de dedicación.
- Reunións Decano/a-Secretario/a-Tesoureiro/a: Vai no cargo, dentro do concepto de dedicación.
- Pago a xurados membros de XD e XG: O especificado no acordo de retribución para asistencia a concursos/xurados.

Manutención

Por asistencia presencial a Xuntas de Goberno (XG) abonaranse 25 € en concepto de manutención.



Gastos de desprazamento

Abonaranse os seguintes conceptos:

- Quilometraxe: 0,28 €/km, previa indicación da orixe/destino do traxecto.
- Autoestrada: Previa xustificación do gasto.
- Parking: Previa xustificación do gasto.
- Transporte e outros: Previa xustificación do gasto.

Para abonar os gastos de desprazamento, os directivos deberán de cubrir o formulario habilitado para iso, como máximo 30 días despois da data da actividade, achegando os correspondentes xustificantes.